

valores; e a disposición adicional segunda da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2007,

#### DISPÓN O:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 685/1982, do 17 de marzo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario.*

Suprímese a letra c) do artigo 47.4 do Real decreto 685/1982, do 17 de marzo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario.

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, de desenvolvemento da Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras.*

Modifícase o Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, de desenvolvemento da Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, nos seguintes termos:

Un. Introdúcese o parágrafo segundo da letra b) do punto 1 do artigo 20 coa seguinte redacción:

«Ao peche do exercicio e até que teña lugar a aplicación de resultados, as entidades de crédito poderán incorporar a este elemento a parte dos resultados do exercicio que se prevexa aplicar a reservas, sempre que:

a) Exista unha decisión formal de aplicación de resultados do órgano de administración da entidade;

b) As contas en que se reflictan tales resultados fosen verificadas con informe favorable polos auditores externos da entidade, e

c) Se acredite, á satisfacción do Banco de España, que a parte que se vaia incorporar está libre de toda carga previsible, en especial por gravames impositivos, por dividendos, ou por dotacións á obra benéfico-social das caixas de aforro e aos fondos sociais das cooperativas de crédito.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Inclusión das sociedades xestoras de carteira no réxime de solvencia.*

Toda referencia feita no presente real decreto e nas súas normas de desenvolvemento ás sociedades e axencias de valores deberá entenderse realizada ás empresas de servizos de investimento definidas no artigo 64 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento.*

Modifícase o punto 2 do artigo 15 do Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, que pasará a ter a seguinte redacción:

«2. Cando unha empresa de servizos de investimento realice, conforme o previsto no seu programa de actividades, o servizo de xestión discrecional de

carteiras, os seus recursos propios computables non poderán ser, en ningún momento, inferiores ao 5 por mil do volume da carteira xestionada.»

**Artigo cuarto.** *Modificación do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado.*

Modifícase a letra d) do punto terceiro do artigo 9 do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado, que pasará a ter a seguinte redacción:

«d) Calquera persoa xurídica ou calquera negocio xurídico fiduciario en que os administradores ou directivos ou as persoas sinaladas nos parágrafos anteriores sexan directivos ou administradores; ou que estea directa ou indirectamente controlado por algún dos anteriores; ou que se crease para o seu beneficio; ou cuxos intereses económicos sexan en gran medida equivalentes aos dos anteriores.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Títulos competenciais.*

O presente real decreto dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1, 6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no punto dous do artigo segundo e no artigo terceiro, que entrará en vigor dous meses despois da citada data.

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**5742** *REAL DECRETO 306/2007, do 2 de marzo, polo que se actualizan as contías das sancións establecidas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto. («BOE» 67, do 19-3-2007.)*

A disposición adicional primeira do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, auto-

riza o Goberno, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, a modificar a contía das sancións establecidas no seu artigo 40, tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo.

Esa disposición adicional vén reiterar a autorización contida na disposición adicional segunda da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, en cuxo artigo 37 se establecían unhas contías sancionatorias que foron mantidas no posterior Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que o punto de partida para aplicar o índice de prezos de consumo para as infraccións sancionadas por esa norma debe ser o día 16 de abril de 1988, data da entrada en vigor daquela lei.

Porén, desde esa data de 1988, producíronse diversas modificacións substantivas das infraccións e sancións na orde social, que foron recollidas no posterior texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, como son: a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria, e a Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional. Non obstante, en todas estas normas, os correspondentes preceptos relativos ás contías sancionatorias remítense ao establecido na Lei 8/1988, do 7 de abril.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, na súa disposición derradeira primeira, efectuou unha nova tipificación e cualificación das infraccións en materia de movementos migratorios, pero sen afectar as contías sancionatorias.

Non sucede o mesmo coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que establecía unhas contías sancionatorias distintas, mantidas no vixente artigo 40.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto. Na disposición derradeira primeira daquela lei autorízase o Goberno, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, a actualizar a contía das sancións, pero sen determinar ningún criterio.

Finalmente, no vixente texto refundido recolléronse as infraccións e sancións que se establecían na Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, e procedeuse á actualización das contías contada desde a súa entrada en vigor o 6 de agosto de 1999.

A resolución da Subsecretaría de Traballo e Asuntos Sociais, do 16 de outubro de 2001, non significou ningunha actualización das contías sancionatorias, senón só a conversión en euros das contías daquela vixentes.

Son, pois, diversas as porcentaxes máximas que deben ser aplicadas polo Goberno para actualizar as contías sancionatorias por infraccións na orde social:

Por un lado, para as establecidas con carácter xeral, aplícase o incremento do índice xeral de prezos de consumo desde o 16 de abril de 1988, data de entrada en vigor da mencionada Lei 8/1988, do 7 de abril, ata o 31 de decembro de 2006.

Por outra banda, ás relativas a sancións por infraccións en materia de cooperativas aplícaselles o incremento do índice xeral de prezos de consumo desde o 6 de agosto de 1999, data de entrada en vigor da mencionada Lei 27/1999, do 16 de xullo, ata o 31 de decembro de 2006.

Por último, ás infraccións en materia de prevención de riscos laborais aplícaselles o incremento do índice xeral de prezos de consumo desde o 10 de febreiro de 1996, data de entrada en vigor da Lei 31/1995, do 8 de novem-

bro, de prevención de riscos laborais, ata o 31 de decembro de 2006.

Co fin de simplificar a xestión administrativa, as cifras resultantes dos mencionados incrementos rebaixáronse ao múltiplo de 5 inferior, engadindo 1 euro como diferenciación entre a sanción inmediatamente inferior e a superior.

Aínda que o artigo 40 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, menciona as infraccións en materia de movementos migratorios e traballo de estranxeiros, hai que sinalar que quedaron derrogados os tipos previstos no seu artigo 37 con motivo da entrada en vigor da Lei orgánica 8/2000, do 20 de novembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. En consecuencia, as contías sancionatorias que agora se modifican non poden afectar as establecidas na mencionada lexislación orgánica e as súas normas complementarias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2007,

#### DISPÓÑO :

*Artigo único. Actualización das contías das sancións establecidas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

1. As contías das sancións previstas no punto 1 do artigo 40 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polas infraccións en materia de relacións laborais e emprego, en materia de seguridade social, en materia de movementos migratorios e traballo de estranxeiros, así como as infraccións por obstrución quedan establecidas:

a) As leves, no seu grao mínimo, con multas de 60 a 125 euros; no seu grao medio, de 126 a 310 euros; e no seu grao máximo, de 311 a 625 euros.

b) As graves con multa, no seu grao mínimo, de 626 a 1.250 euros, no seu grao medio de 1.251 a 3.125 euros; e no seu grao máximo de 3.126 a 6.250 euros.

c) As moi graves con multa, no seu grao mínimo, de 6.251 a 25.000 euros; no seu grao medio de 25.001 a 100.005 euros; e no seu grao máximo de 100.006 euros a 187.515 euros.

2. As contías das sancións previstas no punto 2 do artigo 40 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polas infraccións en materia de prevención de riscos laborais, quedan establecidas do seguinte xeito:

a) As leves, no seu grao mínimo, con multa de 40 a 405 euros; no seu grao medio, de 406 a 815 euros; e no seu grao máximo, de 816 a 2.045 euros.

b) As graves con multa, no seu grao mínimo, de 2.046 a 8.195 euros; no seu grao medio, de 8.196 a 20.490 euros; e no seu grao máximo, de 20.491 a 40.985 euros.

c) As moi graves con multa, no seu grao mínimo, de 40.986 a 163.955 euros; no seu grao medio, de 163.956 a 409.890 euros; e no seu grao máximo, de 409.891 a 819.780 euros.

3. As contías das sancións previstas no punto 4 do artigo 40 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexis-

lativo 5/2000, do 4 de agosto, polas infraccións en materia de cooperativas, serán:

- a) As leves, con multa de 375 a 755 euros.
- b) As graves, con multa de 756 a 3.790 euros.
- c) As moi graves, con multa de 3.791 a 37.920 euros.

Disposición transitoria única. *Irretroactividade.*

As infraccións cometidas ata o día de entrada en vigor deste real decreto sancionaranse conforme as contías sancionatorias previstas con anterioridade á dita data.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación a todas as infraccións que se cometan a partir desa data.

Dado en Madrid o 2 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Tráballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## XEFATURA DO ESTADO

**5825** LEI ORGÁNICA 2/2007, do 19 de marzo, de reforma do Estatuto de autonomía para Andalucía. («BOE» 68, do 20-3-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

### PREÁMBULO

Andalucía, ao longo da súa historia, forxou unha robusta e sólida identidade que lle confire un carácter singular como pobo, asentado desde épocas milenarias nun ámbito xeográfico diferenciado, espazo de encontro e de diálogo entre civilizacións diversas. O noso valioso patrimonio social e cultural é parte esencial de España, na cal andaluces e andaluzas nos recoñecemos e compartimos un mesmo proxecto baseado nos valores de xustiza, liberdade e seguranza, consagrados na Constitución de 1978, baluarte dos dereitos e liberdades de todos os pobos de España.

Andalucía compilou un rico acervo cultural pola confluencia dunha multiplicidade de pobos e de civilizacións e deu exemplo dabondo de mestizaxe humana a través dos séculos.

A interculturalidade de prácticas, hábitos e xeitos de vida expresouse ao longo do tempo sobre unha unidade de fondo que acrisola unha pluralidade histórica e se manifesta nun patrimonio cultural tanxible e intanxible, dinámico e cambiante, popular e culto, único entre as culturas do mundo.

Esta síntese perfila unha personalidade andaluza construída sobre valores universais, nunca excluíntes. E é que Andalucía, asentada no sur da península ibérica, é un

territorio de gran diversidade paisaxística, con importantes cadeas montañosas e con gran parte do seu territorio articulado arredor e ao longo do río Guadalquivir, que aberta ao Mediterráneo e ao Atlántico por unha dilatada fachada marítima, constitúe un nexo de unión entre Europa e o continente africano. Un espazo de fronteira que facilitou contactos e diálogos entre norte e sur, entre os arcos mediterráneo e atlántico, onde se configurou como feito diferencial un sistema urbano medido en clave humana.

Estes trazos, entre outros, non son só sedimentos da tradición, senón que constitúen unha vía de expansión da cultura andaluza en España e no mundo e unha achega contemporánea ás culturas globais. O pobo andaluz é herdeiro, por tanto, dun vasto alicerce de civilización que Andalucía pode e debe achegarlle á sociedade contemporánea, sobre a base dos principios irrenunciáveis de igualdade, democracia e convivencia pacífica e xusta.

O inxente esforzo e sacrificio de innumerables xeracións de andaluces e andaluzas ao longo dos tempos viuse recompensado na recente etapa democrática, que é cando Andalucía expresa con máis firmeza a súa identidade como pobo a través da loita pola autonomía plena. Nos últimos 25 anos, Andalucía viviu o proceso de cambio máis intenso da nosa historia e achegouse ao ideal de Andalucía libre e solidaria pola que loitou incansablemente Blas Infante, a quen o Parlamento de Andalucía, nun acto de xustiza histórica, recoñece como Pai da Patria Andaluza en abril de 1983.

Ese ideal autonomista afunde as súas raíces na nosa historia contemporánea. O primeiro texto que plasma a vontade política de que Andalucía se constituía como entidade política con capacidade de autogoberno é a Constitución federal andaluza, redactada en Antequera en 1883. Na Asemblea de Ronda de 1918 foron aprobados a bandeira e o escudo andaluces.

Durante a II República o movemento autonomista cobra un novo impulso. En 1933 as xuntas liberalistas de Andalucía aproban o himno andaluz, fórmase en Sevilla a pro-Xunta Rexional Andaluza e proxéctase un estatuto. Tres anos máis tarde, a Guerra Civil rompe o camiño da autonomía ao imposibilitar a tramitación parlamentaria dun estatuto xa en xermolo.

Esta vocación das xuntas liberalistas lideradas por Blas Infante pola consecución do autogoberno, por alcanzar unha Andalucía libre e solidaria no marco da unidade dos pobos de España, por reivindicar o dereito á autonomía e a posibilidade de decidir o seu futuro, emerxeu anos máis tarde con máis forza e apoio popular.

As manifestacións multitudinarias do 4 de decembro de 1977 e o referendo do 28 de febreiro de 1980 expresaron a vontade do pobo andaluz de situarse na vangarda das aspiracións de autogoberno de máximo nivel no conxunto dos pobos de España. Desde Andalucía deuse un exemplo extraordinario de unidade á hora de expresar unha vontade inequívoca pola autonomía plena fronte aos que non aceptaban que fósamos unha nacionalidade no mesmo plano ca as que se acollían ao artigo 151 da Constitución.

Andalucía foi a única comunidade que tivo unha fonte de lexitimidade específica na súa vía de acceso á autonomía, expresada nas urnas mediante referendo, o que lle outorga unha identidade propia e unha posición incontestable na configuración territorial do Estado.

O Manifesto andalucista de Córdoba describiu Andalucía como realidade nacional en 1919, cuxo espírito os andaluces encaixaron plenamente a través do proceso de autogoberno recollido na nosa Carta Magna. En 1978 os andaluces déronlle un amplo apoio ao consenso constitucional. Hoxe, a Constitución, no seu artigo 2, recoñece Andalucía como unha nacionalidade no marco da unidade indisoluble da nación española.